

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Decreto 80/2006, do 4 de maio, polo que se acepta a cesión dun predio sito no concello de Santiago de Compostela (A Coruña) para o Centro Galego de Arte Contemporánea.

O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Santiago de Compostela, reunido en sesión ordinaria do día 29 de decembro de 1988, acordou ceder o predio urbano sito no campo de San Domingos de Bonaval no municipio de Santiago de Compostela á Xunta de Galicia.

A Secretaría Xeral e do Patrimonio tramitou o correspondente expediente de aceptación de cesión, de conformidade co disposto nos artigos 16, 17 e 23 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 33, 34 e 38 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o regulamento para a execución da dita lei.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, feita nos termos nos que o Concello de Santiago de Compostela acordou a cesión, logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día catro de maio de dous mil seis,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Acéptase a cesión a título gratuito, feita polo Concello de Santiago de Compostela, da propiedade do predio urbano sito no campo de San Domingos de Bonaval, que se describe como segue:

Predio urbano sito no sitio campo de San Domingos de Bonaval, no Concello de Santiago de Compostela. Linda: ao norte, predio matriz; ao sur coa rúa Valle Inclán; ao este, predio matriz e ao oeste, coa calella de Caramoniña.

O predio descrito figura inscrito no Rexistro da Propiedade nº 1 a favor do Concello de Santiago de Compostela, no tomo 1.511, libro 457, folio 148, predio nº 41.247.

A referencia catastral do predio é:

7881923NH3478B0001LS.

Artigo 2º

O predio é destinada ao Centro Galego de Arte Contemporánea.

Artigo 3º

A Consellería de Economía e Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, procederá á

formalización da cesión no correspondente documento público e á inscrición do ben no Rexistro da Propiedade a nome da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira

A Consellería de Economía e Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, levará a cabo todos os trámites necesarios para a efectividade deste decreto.

Santiago de Compostela, catro de maio de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Ramón Fernández Antonio
Conselleiro de Economía e Facenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 10 de maio de 2006 pola que se convocan plans de mellora da calidade da educación de centros educativos para o curso 2006-2007.

A Lei orgánica de educación (LOE) propón no seu preámbulo, como o primeiro dos seus tres principios fundamentais, a existencia de proporcionar unha educación de calidade a todos os cidadáns de ambos os sexos, en todos os niveis do sistema educativo.

Sinala, igualmente, que se debe garantir unha igualdade efectiva de oportunidades prestando os apoios necesarios, tanto ao alumnado que o requira como aos centros en que están escolarizados, con vistas á mellora do nivel educativo de todo o alumnado, conciliando a calidade da educación coa equidade do seu reparto.

O Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dispón no seu artigo 5 que a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa ten entre as súas funcións o deseño de instrumentos e a posta en práctica dos procesos de avaliación do sistema educativo.

No punto 3 do artigo 5, asígnaselle á Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, entre outras, a realización das accións de avaliación xeral e de mellora do sistema educativo non universitario de Galicia, e no punto 3 a) do mesmo artigo sinalase como unha das funcións do Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo a elaboración e coordinación dos plans de avaliación dos centros e de mellora da calidade.

Como unha acción encamiñada a cumprir os obxectivos do primeiro dos principios da LOE convócanse, como experiencia piloto, plans de mellora da calidade da educación dos centros educativos. Esta convocatoria diríxese aos centros educativos públicos de niveis non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, coa finalidade de promover a mellora da calidade da educación, estender a cultura avaliativa e difundir experiencias de calidade en educación entre os centros.

A convocatoria propicia unha avaliación interna parcial sobre algún aspecto básico curricular ou organizativo e a conseguinte elaboración e posta en marcha dun plan de mellora da calidade da educación. Os centros con proxectos seleccionados deberán presentar ao remate do proceso unha memoria final coa súa descrición e os resultados acadados.

Por todo o exposto, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Obxecto e destinatarios.

1. Seleccionar os centros públicos participantes nos plans de mellora da calidade da educación dos centros educativos para o curso escolar 2006-2007, coa finalidade de fomentar a avaliación da práctica educativa dos centros docentes mediante a detección da problemática e deficiencias, e a subseguinte posta en marcha de medidas correctoras.

2. Os centros participantes deberán executar unha avaliación interna sobre como se está a desenvolver no centro algún aspecto básico curricular, organizativo ou relacional, e a conseguinte elaboración e posta en marcha dun plan de mellora da calidade da educación.

3. Poderán participar nesta convocatoria os centros educativos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

4. Os centros con plans de mellora da calidade da educación seleccionados deberán presentar ao remate da súa realización unha memoria final, coa súa descrición e os resultados acadados.

Segundo.-Requisitos.

Os centros solicitantes deberán reunir os requisitos seguintes:

-Contar coa aprobación do claustro de profesores e do consello escolar, así como o seu compromiso para facilitar a posta en práctica do proxecto.

-Realizar un proceso de avaliación interna acorde coas pautas recollidas nesta convocatoria.

-Presentar un plan de mellora da calidade da educación coherente coa avaliación realizada.

Terceiro.-Dotación orzamentaria.

1. As dotacións económicas correspondentes a estes plans de mellora da calidade da educación realizaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2006.09.02.323A.640.4 dos orzamentos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2006, por un importe global de 120.000 €.

2. Cada centro seleccionado recibirá un mínimo de 1.000 €, contía que poderá incrementarse ata un máximo de 6.000 €, en función do baremo establecido pola comisión de selección segundo a adaptación do proxecto aos criterios desta orde e logo da análise das necesidades de cada centro.

3. O importe concedido a cada centro seleccionado deberá destinarse a sufragar gastos que estean debidamente xustificadas no proxecto, e que se correspondan ás epígrafes:

a) Actividades de formación.

b) Materiais non inventariables.

c) Fondos documentais en formato impreso, audiovisual ou multimedia.

d) Outros materiais inventariables.

e) Calquera outro, logo da autorización por escrito da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Cuarto.-Solicitudes e prazo de presentación.

1. Ás solicitudes, segundo o modelo de instancia do anexo I desta orde, deberá xuntárselle a seguinte documentación:

a) Certificacións da aprobación por parte do claustro de profesores e do consello escolar da asunción dos compromisos necesarios para a participación nesta convocatoria, segundo os modelos dos anexos II e III.

b) Copia da notificación da súa participación na convocatoria á súa respectiva delegación provincial.

c) Documento de síntese da avaliación interna realizada polo centro, de acordo co punto quinto da convocatoria.

d) Plan de mellora da calidade da educación proposto, segundo se recolle no punto sexto da convocatoria.

2. As instancias e demais documentación deberán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, edificio administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou nos lugares e na forma previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se a solicitude fose remitida por correo, será necesaria a súa presentación en sobre aberto para que o funcionario de correos poida facer constar o selo e a data antes de proceder á súa certificación.

3. O prazo de presentación de instancias será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.

4. Presentada a solicitude, examínase para ver se reúne os requisitos exixidos e se se acompaña da preceptiva documentación, requiríndose en caso contrario o solicitante para que, no prazo de dez días, emende e/ou complete os documentos e/ou datos que deben achegarse, advertíndolle que, se así non o fixera, se considerará que desistiu da súa petición e procederase ao seu arquivo, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá requirir do solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarios para complementar o expediente, e tamén poderá dispor que se leven a cabo as comprobacións oportunas dos datos achegados polos peticionarios.

Quinto.-Documento de síntese da avaliación interna.

1. O centro realizará un proceso de avaliación interna sobre o tema que elixa, que se plasmará no documento c) do punto cuarto.1 desta convocatoria, o cal recollerá a metodoloxía empregada e os seus resultados.

2. O documento deberá contar na súa estrutura, polo menos, cos seguintes puntos:

- Xustificación.
- Análise da situación de partida: temas prioritarios.
- Obxectivos.
- Criterios de avaliación.
- Metodoloxía empregada.
- Resultados da avaliación.
- Factores susceptibles de cambio.

3. No documento síntese deberá especificarse, entre os factores susceptibles de cambio, aquel ou aqueles que se propoñen para incorporar ao plan de mellora da calidade da educación.

4. Para efectos da convocatoria do curso 2006-2007 considéranse temas prioritarios, e por tanto terán preferencia na selección os proxectos que incidan sobre eles, os seguintes:

- Programacións didácticas.
- Apoio educativo e plan de acción tutorial.
- Emprego no deseño curricular da aula das competencias básicas.
- Atención á diversidade.
- Integración das actitudes e valores no currículo.
- Avaliación e criterios de promoción.

5. No desenvolvemento da avaliación interna, os centros que o desexen poderán solicitar información e apoio aos centros de formación e recursos (CFR) de que dependan.

Sexto.-Elaboración do plan de mellora da calidade da educación.

1. Finalizado o proceso de avaliación, os centros deberán elaborar un plan de mellora da calidade da educación, que obrigatoriamente deberá incluír:

- Xustificación.
- Obxectivos propostos.
- Concreción de elementos que se deben mellorar.
- Accións que se van desenvolver.
- Criterios de avaliación.
- Apoios necesarios.

-Necesidades formativas.

-Necesidades orzamentarias.

-Calendario.

-Relación nominal de participantes.

Sétimo.-Criterios de selección.

a) A inclusión dalgún dos temas considerados prioritarios nesta convocatoria.

b) Grao de adecuación do tema ou temas seleccionados e xustificación deles en función do resultado da avaliación interna e as necesidades do centro.

c) Rigor no deseño da avaliación interna e concreción dos obxectivos.

d) Grao de adecuación dos obxectivos de mellora fixados en relación cos temas seleccionados.

e) Procedementos e actuacións previstos para acadar os obxectivos, con indicación dos recursos e apoios necesarios, o calendario para a súa aplicación e o plan para o seu seguimento e avaliación.

f) Grao de implicación da comunidade educativa no plan de mellora da calidade da educación.

g) Coherencia entra a avaliación interna e as propostas do plan de mellora da calidade da educación.

Oitavo.-Comisión de selección.

1. Baixo a presidencia da directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa na cal delegue, constituirase unha comisión de selección integrada polos seguintes membros:

-O subdirector xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

-O xefe do Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

-O xefe do Servizo de Coordinación e Planificación da Inspección Educativa.

-O xefe do Servizo de Formación do Profesorado.

-Dous inspectores ou inspectoras.

-Un/Unha funcionario/a da Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo que actuará como secretario/a, con voz e sen voto.

2. A percepción de asistencias desta comisión de selección aterase á categoría correspondente segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

3. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha comisión técnica para os efectos de elaboración de informes sobre os plans de mellora presentados e, se procede, visitas aos centros candidatos.

Noveno.-Resolución.

1. A comisión de selección, unha vez estudadas as solicitudes presentadas, emitirá unha proposta provisional de resolución, que incluírá aqueles plans de mellora que mellor se adecuen ás bases da convocatoria, indicando as cantidades asignadas a cada un deles, segundo se recolle no punto terceiro da convocatoria,

e o número de horas que se lles recoñecerán e certificarán aos participantes.

2. Esta proposta provisional poderá consultarse no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no seguinte enderezo electrónico: <http://www.edu.xunta.es>, e nos taboleiros de anuncios da consellería e das súas delegacións provinciais.

3. A partir do día seguinte ao da publicación desta proposta abrirase un prazo de dez días naturais co fin de que se poidan presentar cantas alegacións se estimen oportunas. No mesmo prazo poderá realizarse a renuncia á participación na convocatoria. Unha vez revisadas as reclamacións, a comisión elevará a proposta definitiva á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria para a resolución que proceda.

4. A resolución que incluíra os centros seleccionados, ditada pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* no prazo máximo de 5 meses contados desde a publicación desta convocatoria.

5. No suposto de que non recaese resolución expresa dentro do prazo máximo previsto, os solicitantes deberán entender desestimadas as súas solicitudes.

Décimo.-Recursos.

Contra esta resolución poderase recorrer potestativamente mediante recurso de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, coas modificacións da Lei 4/1999, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo primeiro.-Execución do plan de mellora da calidade da educación.

1. A execución do plan de mellora debe rematar antes do 30 de maio de 2007.

2. Na súa execución os plans de mellora serán apoiados polos CFR e avaliados pola inspección educativa.

Décimo segundo.-Memoria final.

1. As cantidades asignadas por esta convocatoria serán transferidas aos centros nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico 2006.

2. Antes do 30 de xuño de 2007 os centros presentarán unha memoria final do plan de mellora da calidade da educación executado.

3. O non cumprimento do parágrafo anterior supón a invalidación da totalidade do proxecto para efectos do recoñecemento dos méritos dos participantes.

4. A memoria final deberá recoller unha valoración global do proxecto, o grao de consecución dos obxectivos propostos, as actividades desenvolvidas, o grao de implicación do centro e da comunidade educativa, as actividades de formación realizadas, a avaliación realizada, as previsións de futuro e a xustificación económica.

5. A xustificación económica citada no parágrafo anterior consistirá nunha certificación da aprobación polo consello escolar, segundo o anexo IV.

6. A non entrega da memoria final incluíndo a xustificación do gasto no prazo sinalado poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas, debendo proceder o centro ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle poidan exixir.

7. O incumprimento total ou parcial dos proxectos ou das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión, poderá dar lugar á anulación ou modificación da contía do importe concedido.

Décimo terceiro.-Recoñecemento da actividade.

1. Para efectos de recoñecemento, os plans de mellora da calidade da educación son equivalentes a actividades de innovación educativa.

2. Tal como se reflicte no punto noveno.1, a comisión de selección determinará o número de horas que se lles recoñecerán e certificarán aos participantes.

Décimo cuarto.-Compromisos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e dos centros docentes candidatos.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria gardará a debida confidencialidade sobre os resultados das avaliacións que se efectúen a centros docentes, con ocasión do desenvolvemento do previsto nesta convocatoria.

2. Os centros facilitarán a entrada ao equipo de valoración ás súas instalacións, en caso de que se considere necesario completar a información dispoñible mediante unha visita. A participación nesta convocatoria comportará a autorización para a posible visita ao centro.

3. Os centros premiados comprométese a participar nas accións de difusión de mellores prácticas que se organicen por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; así mesmo, prestarán a súa autorización para a publicación, se é o caso, das memorias.

4. A presentación da solicitude de participación nesta convocatoria supón a completa aceptación destas bases.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO PLANS DE MELLORA DA CALIDADE DA EDUCACIÓN DE CENTROS EDUCATIVOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED525A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO CENTRO

NOME DO CENTRO		CÓDIGO
ENDEREZO	LOCALIDADE	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA

SOLICITUDE

Don/Dona _____, como director/a do centro,

SOLICITA

A participación na convocatoria dos plans de mellora de centros educativos, convocado pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, para o curso 2006-2007, segundo Resolución do 10 de maio de 2006 por reunir os requisitos exixidos na convocatoria (DOG _____).

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (MARQUE CUN X O QUE PROCEDA)

CERTIFICACIÓNS DA APROBACIÓN DA SOLICITUDE POR PARTE DO CLAUSTRO E DO CONSELLO ESCOLAR (ANEXOS II E III).

COPIA DA NOTIFICACIÓN DA SÚA PARTICIPACIÓN Á DELEGACIÓN PROVINCIAL (ANEXO IV).

DOCUMENTO SÍNTESE/RESUMO DA AVALIACIÓN INTERNA.

PLAN DE MELLORA DA CALIDADE DA EDUCACIÓN PROPOSTO.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 10 de maio de 2006 pola que se convocan plans de mellora da calidade da educación de centros educativos para o curso 2006-2007.

O/A DIRECTOR/A

_____ de _____ de 2006

(A cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

*ANEXO II***CERTIFICADO DE APROBACIÓN EN CLAUSTRO**

Don/Dona _____, secretario/a do claustro do centro
_____ de _____.

CERTIFICA:

Que en sesión de claustro de profesores deste centro, celebrada o día _____ de 2006, se acorda a presentación de solicitude de participación na convocatoria de plans de mellora de centros educativos para o curso 2006-2007, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, así como a asunción dos compromisos necesarios para o seu desenvolvemento.

_____, ____ de _____ de 200__

Visto e prace O/A director/a

O/A secretario/a

Asdo.: _____

Asdo.: _____

*ANEXO III***CERTIFICADO DE APROBACIÓN EN CONSELLO ESCOLAR**

Don/Dona _____, secretario/a do consello escolar do centro
_____ de _____.

CERTIFICA:

Que en sesión de consello escolar deste centro, celebrada o día _____ de 2006, se acorda a presentación de solicitude de participación na convocatoria de plans de mellora de centros educativos para o curso 2006-2007, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, así como a asunción dos compromisos necesarios para o seu desenvolvemento.

_____, ____ de _____ de 200__

Visto e prace O/A director/a

O/A secretario/a

Asdo.: _____

Asdo.: _____

ANEXO IV



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO PLANS DE MELLORA DA CALIDADE DA EDUCACIÓN DE CENTROS EDUCATIVOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED525A	DOCUMENTO XUSTIFICACIÓN DE GASTO
--	---	--

DATOS DO CENTRO

NOME DO CENTRO		CÓDIGO
ENDEREZO	LOCALIDADE	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA

XUSTIFICACIÓN DE GASTOS

CANTIDADE TOTAL ASIGNADA.....	_____
ACTIVIDADES DE FORMACIÓN.....	_____
MATERIAIS NON INVENTARIABLES.....	_____
FONDOS DOCUMENTAIS.....	_____
OUTROS MATERIAIS INVENTARIABLES.....	_____
OUTROS GASTOS AUTORIZADOS POLA D. X. DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA	_____

Don/Dona _____, en calidade de presidente/a do Consello Escolar do Centro,

CERTIFICA:

Que as cantidades arriba indicadas foron investidas na súa totalidade en actividades xeradas polo plan de mellora da calidade da educación de centros educativos correspondente á convocatoria do curso 2006-2007.

Quedan baixo a custodia do secretario do centro, á disposición dos órganos de fiscalización, as facturas orixinais e os xustificantes de pagamento, así como calquera outra documentación que derive da aplicación do establecido nesta orde.

_____, de _____ de 200__

O/A PRESIDENTE/A DO CONSELLO ESCOLAR

Asdo.: _____

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 10 de maio de 2006 pola que se convocan plans de mellora da calidade da educación de centros educativos para o curso 2006-2007.</i>
O/A DIRECTOR/A _____ de _____ de 200__

(A cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA